

### Bibliometría

A bibliometría é a disciplina que se encarga de medir diferentes aspectos da literatura científica. Cando falamos de índice de impacto, cuartil, índice H, JCR..., termos cos que as nosas investigadoras e investigadores están familiarizados, estamos a falar de Bibliometría.

Este boletín da Biblioteca Universitaria de Vigo pretende dar a coñecer á comunidade científica, e tamén á sociedade, datos relacionados coa literatura científica producida polas persoas que forman parte da Universidade de Vigo.


A Bibliometría serve para:

- analizar o impacto e a visibilidade das publicacións
- buscar as revistas máis axeitadas para publicar
- identificar tendencias do coñecemento
- identificar autoras/es, institucións e revistas máis produtivas e citadas
- estudar as relacións entre persoas, institucións e disciplinas
- estudar as publicacións científicas dunha institución para dar soporte á súa estratexia de investigación


### Presenza da Universidade de Vigo en Google Académico: unha visión de xénero

En xaneiro do 2018, Cybermetrics Lab (CSIC) publicou o seu habitual ranking das 5000 persoas de España con perfil en Google Académico que teñen un índice H máis elevado. Entre esas 5000 persoas, 54 son investigadoras/es da Universidade de Vigo. Quixemos averiguar se había diferenzas entre mulleres e homes nos datos que este ranking proporciona: índice H e número de citas recibidas. E isto foi o que descubrimos:


Presenza de mulleres e homes no ranking España




Presenza de mulleres e homes no ranking Universidade de Vigo



Promedio índice H



Promedio de nº de citas recibidas



Mulleres  Homes

- Maior presenza de homes que de mulleres. A diferenza é menor na Universidade de Vigo que no conxunto de España
- Índice H sen diferenzas significativas
- O promedio de citas recibidas polos homes é maior que o promedio de citas recibidas polas mulleres, tanto na Universidade de Vigo coma no conxunto de España
- Cómpre ampliar este estudo a outras fontes e outros indicadores, e observarmos a súa evolución no tempo

### Sabías que...?

O índice H é un indicador bibliométrico que pretende facer balance entre o número de citas recibidas e o número de traballos publicados. Consiste en ordenar estes (artigos, monografías, capítulos...) polo número de citas recibidas en orde descendente, para atopar cantos deles teñen como mínimo o mesmo número de citas que o número de orde nesa relación de publicacións.

Que unha persoa obteña un índice H 25 en Google Académico indica que hai 25 artigos asinados por esa persoa que recibiron como mínimo 25 citas cada un.

O índice H pretende valorar o traballo científico ao longo do tempo, polo que beneficia ás persoas que teñen unha maior produción. Aplícase tamén a grupos, revistas, países..., e varía dunhas fontes de información a outras.